

As palabras “sacadas de contexto”

POLÉMICA ▶ Feijóo defende o discurso do conselleiro Varela, no que cualificou de “ensimesmada” e “acomplexada” a cultura galega ▶ O presidente da Xunta pídelles ós once premios nacionais que esixen o cesamento do titular que non se dean por aludidos e ve “intereses políticos” na súa misiva

REDACCIÓN • SANTIAGO

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, quixo atemperar onte o clima de rexeitamento que, en varios ámbitos do sector cultural, veñen erguendo as declaracións, do conselleiro Roberto Varela, quen cualificou a cultura galega de “ensimesmada” e “ás veces, algo acomplexada”. Feijóo, na roda de prensa posterior ao Consello da Xunta, pediulles ós escritores asinantes dunha carta na que reclaman a dimisión do conselleiro de Cultura, Roberto Varela, que “non se dean por aludidos” por unhas “palabras” que, segundo indicou, “foron sacadas de contexto”. Así, mostrou a súa confianza en Varela e subliñou que “se hai alguén que defende a cultura galega é o conselleiro de Cultura”.

Núñez Feijóo mostrou o seu respecto polas opinións dos autores do escrito –once Premios Nacionais de Literatura galegos, entre eles Alfredo Conde, Suso de Toro, Manuel Rivas, Fina Casalderrey ou Xabier P. Docampo– pero asegurou que “non merece a pena” iniciar unha polémica a este respecto.

De feito, insistiu en que as expresións de Roberto Varela nas que se refería á cultura galega como “ensimesmada” e “acomplexada” foran extraídas de contexto, polo que instou para rebaixar a polémica se o obxectivo é a defensa da cultura galega e non se esconden baixo esta xustificación “intereses específicos de carácter político e non cultural”.

Así mesmo, aproveitou para mostrar o seu convencemento de que os escritores galegos estarán a favor das actividades vinculadas á declaración de 2010 como Ano do Libro e da Lectura. De feito, o Consello da Xunta foi informado na súa reunión de onte do programa de accións previstas, nas que o departamento de Cultura investirá case tres millóns de euros.

Núñez Feijóo resaltou o valor estratéxico do sector e avogou pola súa dinamización e promo-



O conselleiro Roberto Varela, durante a presentación da última exposición inaugurada no CGAC

RESPOSTA

Fernández Paz:
“Hai motivos moi evidentes”

O Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil de 2007, coa obra *O único que queda é o amor*, Agustín Fernández Paz asegurou onte que hai “motivos moi evidentes” para solicitar a dimisión ou o cesamento do conselleiro de Cultura, Roberto Varela. O escritor, natural de Vilalba (Lugo), acusou o conselleiro Roberto Varela de “facer consideracións pexorativas, dende que asumiu o cargo, sobre a cultura galega” e asegurou que “a gota que encheu o vaso” foi a súa intervención na Coruña cunha “conferencia integrada en castelán”, onde dixo que a cultura galega “estaba ensimesmada e acomplexada”. Ademais, o escritor reprochoulle ao conselleiro que dixese que “a maior parte dos libros que se publicaban en Galicia os compraba a Consellería de Cultura”, o que motivou críticas da Asociación Galega de Editores.

“Non pode ser. As opinións individuais de Roberto Varela son moi respectables, pero como conselleiro de Cultura ten por misión a promoción da cultura galega. Non se pode ter unha persoa que carga contra o que di defender”, sentenciou o escritor. Nesta liña, Agustín Fernández Paz considerou que o actual Goberno da Xunta “ataca a cultura galega” e recordou que algúns conselleiros “ostensiblemente” fan “uso do castelán en actos oficiais para marcar un territorio diferente” ■

! MÁIS APOIOS

A AELG súmase á carta dos Nacionais

▶ A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) mostrou onte o seu apoio á petición de dimisión para o conselleiro de Cultura, Roberto Varela, realizada polos once Premios Nacionais. Así, a AELG reclamou unha “necesaria valoración responsable e obxectiva” da cultura galega “integrada nun escenario permeable e aberto ao mundo dende a busca da necesaria retroalimentación que comeza polo coñecemento, apreciación e dignificación do propio”.

Gálix, tamén contra o discurso de Varela

▶ “Coñecer e recoñecer publicamente a cultura galega en xeral, e a literatura galega dos nosos escritores en particular, é o primeiro paso necesario para superar tópicos arcaicos e caducos e acreditar definitivamente a capacidade, valía e potencial enriquecedor da súa divulgación”, indicaron os escritores da AELG nun comunicado de apoio aos once Premios Nacionais, ao que tamén se sumou no día de onte Gálix, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil ■

ción. Asegurou que o programa de actividades previsto busca “non só patrocinar a produción lingüística senón ou consumo da lectura”. Polo tanto, comprometeu que a Xunta manterá as axudas á edición de libros de galego e, ademais, incentivará a compra de volumes.

Ao longo deste ano haberá diferentes actividades sobre Torrente Ballester, Seoane, Rosalía e Novoneyra. Destacan iniciativas de promoción e difusión do libro e a lectura como *Libros sobre rodas*, *Camiños de amor e lia* –unha trintena de espectáculos de poesía e música– ou o Congreso de literatura de viaxes que terá lugar en Santiago na última quincena de xuño.



COMENZAMOS la TEMPORADA de LAMPREA, angulas y anguilas...

en *El Pasaje* Restaurante

Rúo do Franco, 54 - Santiago • Teléf.: 981 557 081

Les recomendamos la lamprea a:

- La Bordalesa
- Guisada con patatas y guisantes (por encargo)
- Escabechada con verduras escabechadas (por encargo)

Les sorprenderemos con la incorporación de **nuevos platos en nuestra carta**